OBRADOIRO DE CARTOGRAFÍA CRÍTICA-CIDADÁ-COLABORATIVA


II Encontro Cidadanía e Educomunicación:
"Das Representacións ás Participacións"

Proxecto CIDEC

Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

Santiago de Compostela

7-9 de outubro de 2015




EU Barcode, OMA, 2001


CARTOGRAFÍA ANALÓXICA




A Coruña, Felipe Guianzo, 1819



Cartografía crítica da Coruña · Rede de Dereitos Sociais (2009)



Mapa crítico de Galiza · Rede de Dereitos Sociais + Galiza Non Se Vende (2012)



Borde litoral da Coruña · Participantes no Obradoiro de Análise Crítica Metropolitana + Hábitat Social Cooperativa Galega (2011)

Exemplos

Procesos de construción de cidade

A Administración

T Técnicos

C Cidadáns

C Colectivos Cidadáns

▶ Uso

▶▶ Apropiación

▶◀ Consulta

✚ Ideas, propostas

▬ Alegacións e denuncias

> Encargo

<> Traballo en común

●◀ Control

✖ Loita, eliminación

Título Xenérico


Axentes e relacións entre eles

Antes | Mentres | Despois

Porcentaxes de Participación

Título específico
Referencia web
Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción Descripción

Vivendas abertas á autoconstrucción



Quinta Monroy, Chile (Aravena)
www.elementalchile.cl
O goberno encarga a un grupo de técnicos a construción de vivendas económicas. É o propio cidadán o que autoconstrue o 50% da vivenda sobre unha estructura dada.

Plan Xeral de Ordenación Municipal



PXOM, A Coruña (Joan Busquets)
www.coruna.es
A administración encarga a un grupo de técnicos a clasificación do solo. Unha vez feita ábrese un prazo no que os cidadáns só poden participar a través de alegacións a título individual.

Espazo Público autoxestionado



Mountan Bike Skills Park, Seattle (Evergreen+ciudadanía)
www.ergoesfera.org
Os cidadáns solicitan á administración o emprego dun espazo, e contactan cos técnicos que colaboren con eles no orzamento e construción do espazo público.

Talleres participativos



A cidade dos barrios, A Coruña (enquisas e talleres)
www.acidadedosbarrios.org
A partir das opinións dos cidadáns sobre a cidade e os barrios, un equipo de técnicos realizan talleres cos veciños.

Emprego dos espacios urbáns



Ordenación e ocupación temporal de solares, Sevilla
www.recetasurbanas.net
Un conxunto de técnicos propón un método que os cidadáns poidan usar de forma sinxela, para ocupar legal e temporalmente solares baleiros.

Orzamentos Participativos



Orzamentos participativos, Ferrol
www.ferroldenuncia.com
Iniciativa cidadá na que se crea un sistema mediante o cal os propios cidadáns poden xestionar unha porcentaxe dos orzamentos municipais con asistencia técnica.

Centro social autoxestionado



Casa das Atochas, A Coruña
www.casadasatochas.info
Centro social okupado autoxestionado nado como reacción ante os procesos de especulación no barrio das Atochas.

Pantallas de recollida de opinión




Vision Vessel, Portland
www.metropolismag.com
Sitúanse na cidade pantallas interactivas onde se recollen opinións dos cidadáns, que posteriormente publícanse e serven como apoio a un debate sobre a cidade.

Concurso de ideas




Concurso para a reordenación do borde litoral
www.concursoensenadaorzancoruna.es
Formúlase un concurso de ideas aberto a toda a poboación, pola contra requírese certo coñecemento e un uso de ferramentas técnicas que non está ao alcance de toda a cidadanía.


Construción colectiva da cidade



Proposta de concurso
Este diagrama mostra a proposta metodolóxica que estimamos sería axeitada para a construción coperativa da cidade.

Borde litoral da Coruña · Participantes no Obradoiro de Análise Crítica Metropolitana + Hábitat Social Cooperativa Galega (2011)





ZTZ - Zona Temporalmente Controlada · Ergosfera (2013)

ZTC

ZONA TEMPORALMENTE CONTROLADA

ZTC é un proxecto sobre a videovixilancia coma dispositivo de control e coma forma de comunicación expandida.

*Instalación de **ergosfera** para a **Zona "C"** comisariada por **Cristina Canto**.*

Santiago de Compostela
Nov 13 - Feb 14

ergosfera

CONTEXTO 1: ESPAZO-TEMPO GLOBAL

O actual proceso de proliferación dos sistemas de videovixilancia como forma de control do espazo urbano parece debido principalmente a dous factores: por unha banda, a máis dunha década de aplicación de políticas do medo post-11S por parte de gobernos, medios de comunicación e institucións capitalistas (o que calou profundamente nas formas de vida e aspiracións das clases medias propietarias), e por outra, aos ríxidos avances tecnolóxicos do sector dixital, que supuxeron un abaratamento progresivo destes dispositivos ata os converter en obxectos de uso masivo.

A día de hoxe, e simultaneamente á difusión destes sistemas en todas as cidades do mundo, estanse a desenvolver múltiples investigacións (sa aplicadas total ou parcialmente] centradas no aumento das súas capacidades, tanto no que se refire ao uso para a vixilancia urbana das tecnoloxías biométricas [como o recoñecemento facial] e outros novos programas de procesamento de imaxes [como o recoñecemento automático de matrículas], como sobre os dispositivos portadores destes software, neste caso case sempre desde o mundo militar [como os famosos drones capaces de recoñecer e asasinar persoas en calquera lugar do planeta].

Un verdadeiro submundo en pleno auxe e transformación que, ademais dun negocio multimillonario, acaba xerando outros procesos arredor das consecuencias derivadas do uso masivo destes sistemas nos espazos públicos: desde todo tipo de publicacións, encontros, exposicións ou revistas científicas especializadas [como Surveillance & Society], ata toda unha cultura antagonista promovida por cidadáns para os que a utilización indiscriminada destes dispositivos é claramente abusiva e coercitiva. Unha cultura que xa empezou a xerar certas organizacións activistas, eventos colectivos e moita información compartida sobre protocolos de denuncia das súas irregularidades, cartografías da súa situación nas cidades, e métodos de inhabilitación destes sistemas cos que explicitar e forte rexeitamento social que suscitan.

Volvendo ao espazo urbano, as cámaras de videovixilancia son elementos cunha potente e inusual presenza na cidade porque a súa obxectualidade é radicalmente performativa [en Middlesbrough xa se colocaron cámaras con altofalantes a través dos cales se informa en tempo real os cidadáns que están "a facer algo mal"...], improtando un sistema de hipervisibilización-invisibilidade que, ser ter que ahondar moito en Foucault, distorsiona a percepción e vivencia do urbano en distinta medida que o que no seu momento ou lugar fan as miradas ocultas tras as vertás ou as cerillas tras as portas, e que, como mínimo, require un debate público máis explícito e que inclúa a perspectiva urbanística como contraposición ás aspiracións das instancias propietarias.

Un debate que queda por agora nas areas políticas locais, entre os defensores da vixilancia como forma de liberdade a través da seguridade [obxectiva e, fundamentalmente, subxectiva], e os da liberdade a través da intensificación da vida urbana como forma de seguridade en si mesma.

CONTEXTO 2: ESPAZO LOCAL

Ademais desta actualidade xenérica, o interese da videovixilancia como tema de traballo xorde tamén do propio contexto de Santiago de Compostela, debido á condición globalizada do seu centro histórico, un claro exemplo de área urbana no que a súa capacidade de atracción turística xerou un consenso infantil en torno á necesidade de control como forma de asegurar a normalidade das cousas esperada por veciños e visitantes.

Un proceso, o da globalización de determinados fragmentos do planeta, ante o que o pensamento urbanístico non fixo máis que formular escenarios descentrificados, estables e recoñecibles, nos que os fluxos económicos globais poidan redistribuírse entre os comerciantes locais a través das rendas do turista medio internacional; un arrezo temático sempre necesario para ese tipo de viabilidade económica que moitos outros territorios galegos contemporáneos son acusados de poder en perigo a través do mal chamado feísmo.

Ademais de recomendar unha lectura transversal dos numerosos estudos sobre os procesos de xentrificación, turistificación ou disneyficación que transformaron nas últimas décadas moitos centros históricos de todo o mundo, hai unha cuestión que nos gustaría deixar clara: é moi urxente identificar cales son as achegas non económicas destes procesos globalizadores (produtores como mínimo de certa diversidade de persoas, modos de vida, materialidades e ambientes en veral a escala ultra-local] que poderían estar a ser coartadas pola hipersegurdade e a videovixilancia, para, a partir de aí, descubrir e debater se en realidade estes dispositivos son inevitablemente consubstanciais aos interesantísimos procesos nos que o local se supedita ao global. É absolutamente inaceptable que continúen sendo unicamente as empresas transnacionais tipo McDonald's ou Fnac as que investiguen de forma activa (construíndo lugares] o que queira que sexa unha espacialidade global, compartida e de uso público.

CONTEXTO 3: TEMPO LOCAL

Por último, outro dos factores contextuais desta temática é a súa especial actualidade en Santiago, polo papel central que representaron as gravacións de cámaras de vixilancia en varios sucesos hipermediáticos nos últimos meses. Unha serie de casos nos que quedou claro o entusiasmo xeral da opinión pública coa videovixilancia como ferramenta neutral [suxas interferencias co social poden considerarse inapreciables] que nos permite telepresenciar accidentes impactantes ou participar en bochornosos xuízos paralelos baseados na filtración á prensa deste tipo de imaxes.

Non só son entón o Estado e o Mercado as instancias plenamente satisfeitas con este modelo de seguridade, senón tamén unha boa parte da cidadanía comodamente instalada no Santiago "plató de televisión". De aí que este proxecto formule directamente a confrontación coa destrución como discurso, ante a demostrada dificultade de traballar cos vía legal [evidentemente máis aceptada pola opinión pública, pero sen validez conceptual(como vía de pensamento]. o Movemento polos Dereitos Civís lea anos loitando contra a videovixilancia nos espazos urbanos galegos apelando á Lei de Protección de Datos (a través de denuncias baseadas na situación irregular das cámaras, na inexistencia das motivacións requiridas para legalizar a súa instalación, ou en defectos de forma burocráticos] e o proceso de proliferación destes sistemas non se ralentizou en absoluto.

CONTEXTO 4: FUTUROS INMEDIATOS

Pódese pensar que os sistemas de videovixilancia son completamente superfluos e que só funcionan como placebo tranquilizador para os seus consumidores, mentres para o resto de cidadáns non significan nada. Unha perspectiva moi dubidosa porque implica a neutralidade de todo detalle urbano [obxectos, materialidades, símbolos, estéticas, etc.] con respecto ás formas en como se viven os espazos; e porque ademais, xa sabemos que os procesos de substitución das relacións humanas pola mirada distante desde estes dispositivos tende a xerar disparates como a instalación de cámaras nos colexios para tranquilizarnos ao poder comprobar en todo momento se os nosos fillos e os seus profesores están a representar ben os seus papeis.

Tamén se pode pensar que non ten por que ser negativa a existencia de diferentes grados de control na cidade, sempre e cando a redistribución das funcións urbanas segundo os seus requirimentos de vixilancia non derive en exclusións asimétricas impostas [guetos definidos unicamente pola capacidade económica dos seus habitantes]. Neste sentido, serían as posibilidades produtivas destes ámbitos urbanos "retransmitidos" as que esixirían a nosa atención para imaxinar novos protocolos de hackeo e intensificación cos que relacionarnos con estes xa tradicionais veciños da cidade, reapropiándonos das súas cualidades comunicativas e da súa capacidade de creación de escenarios urbanos transmediáticos.

A cuestión inquietante é pensar nun futuro próximo se continuamos por esta deriva e non avanzamos nese outro sentido produtivo, porque entón a única pregunta que xorde é a de: ¿e se non é necesario facer todo o que podemos facer; ¿compensa realmente dotarnos dunha ferramenta que non reduce significativamente os crimes, pero que levada ao extremo poderíase servir como forma de control e persecución de todo o considerado indesexable en cada momento?; é dicir, ¿ten algún sentido, sabendo como sabemos que pronto se poderán interconectar as cámaras de toda unha metrópole e recoñecer as caras dos seus habitantes, e coñecendo un pouco a historia recente e os procesos actuais de auxe das políticas xenófobas, que deamos pé a esa posibilidade de eliminar as sombras da cidade?

Ergosfera, novembro 2013.

ztc.ergosfera.org

Este documento, con licencia Creative Commons Atribución - Compartir igual 2.0 (reported), pode descargarse libremente dende a web do proxecto ZTC: ztc.ergosfera.org

Cartografía da videovixilancia no centro histórico de Santiago de Compostela.

* Traballo de campo realizado en outubro de 2013.

0 10 25 50 100 (m)

- no espacio público -
CÁMARA DOMO
CÁMARA DIRECCIONAL
-dentro de establecemento pero con visión ao exterior-
CÁMARA INTERIOR

1 **Centro Galego de Arte Contemporáneo**
3x Direccionais - baixas [contorno]
1x Direccional - media altura [parque]
1x Domo - media altura [acceso]
1x Domo - baixa [terraza]

2 **Colexio La Salle**
2x Direccionais - baixas [dársena autobuses]

3 **Hotel Bonaval**
2x Direccionais - baixas

4 **Nova Galicia Banco** P
3x Domos - baixas

5 **Policía Local**
1x Direccionais - alta

6 **Instituto Padre Sarmiento**
2x Direccionais - baixas

7 **Consello Económico e Social de Galicia**
1x Domo - baixa

8 **Hotel MV Algalia** P
2x Direccionais - baixas [traseira]

9 **Museo das Peregrinacións** P
1x Direccional - baixa

10 **Nova Galicia Banco** P
1x Domo - baixa [soportal]

11 **Concello - Cervantes**
1x Direccional - media [soportal]

12 **Auditorio Nova Galicia Banco** P
6x Domos - baixas

13 **El Correo Gallego** P
5x Direccionais - baixas

14 **Concello - Quintana**
1x Domo - alta

15 **Porta Santa**
1x Direccional - alta

16 **Casa da Conga**
1x Domo - baixa [soportal]

17 **Museo das Peregrinacións**
2x Direccionais - baixas [soportal]

18 **Concello - Platerías**
1x Direccional - baja

19 **Concello -Fonseca**
1x Direccional - media

20 **Residencia María Inmaculada** P
1x Domo - baixa

21 **Consellería de Cultura e Turismo**
2x Direccionais - baixa

22 **Nova Galicia Banco** P
1x Domo - baixa

23 **Museo Granell**
1x Direccional - baixa

24 **Concello - Tourai**
1x Direccional - baixa

25 **Policía Local**
1x Domo - alta

26 **Banesto** P
1x Direccional - media

27 **Capitol** P
1x Direccional - baixa

28 **Residencia Santiago Apostol** P
1x Domo - baixa

29 **Policía Local**
1x Direccionais - alta

30 **Despacho abogados** P
1x Direccional - baixa

31 **Concello - Porta Faxeira**
1x Direccional - baixa

32 **Nova Galicia Banco** P
2x Domos- baixas

33 **Policía Nacional**
2x Direccionais - baixas

34 **Policía Nacional**
6x Direccionais - baixas
2x Domos - baixas

35 **Pazo Raxoi**
4x Direccionais - baixas
2x Domos - medias

36 **Trasera Pazo Raxoi**
1x Direccional - media

37 **Concello - San Francisco**
1x Direccional - media

38 **Concello - San Francisco**
2x Direccionais - baixas

39 **Hotel San Francisco** P
1x Domo - baixa

propiedade privada P

Plano base gracias a OFICINA DE PLANEAMENTO

ZTC - Cartografía da videovixilancia no centro histórico de Santiago de Compostela · Ergosfera (2013)

Guía de métodos de inhabilitación de sistemas de videovigilancia

O seguinte documento foi composto tomando como base a "Guía para a destrución de circuítos pechados de televisión (CCTV)" elaborada polo colectivo norteamericano RTMark, actualizada por última vez en 2001, e reeditada por Fundación Rodríguez e Zemos98 en 2007. A partir deste manual, foise completando a compilación con achegas procedentes de intelixencias colectivas difundidas a través de internet por todo tipo de persoas e organizacións: propostas anónimas, estudos científicos, proxectos artísticos e, sobre todo, prácticas activistas desenvolvidas globalmente.

Neste sentido, o tempo entre o establecemento nas nosas sociedades dos avances tecnolóxicos e a aparición de movementos críticos e análises independentes sobre os cambios que introducen nas nosas vidas faise cada vez máis curto. Na actualidade, e simultaneamente á proliferación dos sistemas de videovixilancia derivada das políticas do medo post-11 S e do seu abaratamento progresivo ata convertéreense en obxectos de uso masivo, foise desenvolvendo toda unha cultura colaboradora na que se comparte información e ferramentas arredor da inhabilitación destes dispositivos.

Unha cultura que promove convocatorias de concursos para destruír cámaras (como CamOver en Alemaña ou o First Annual Security Cam Hunting Contest nos Estados Unidos); na que xorden organizacións activistas cuxo principal obxectivo son os sistemas de vixilancia (como Captain Gatso / MAD en Inglaterra, Barefoot Bandit Brigade en Seattle ou Un barrio feliz en Lavapiés); que mantén fíos en foros dixitais onde se debaten ideas para encarar problemas como a altura das cámaras ou a análise da potencia necesaria para que un láser poida causarlles danos irreparables, que produce múltiples procesos de cartografado da súa situación nas cidades ou guías recompilatorias de métodos de destrución como a que serviu de base para esta; que provoca que dous dos subapartados na entrada CCTV da Wikipedia sexan "Hacking and video art" e "CCTV camera vandalism"; e que mesmo chega a xerar mitos ou personaxes heroicos como o "spiderman de Barélin", capaz de escalar os grandes mastros onde se colocan as cámaras gobernamentais.

A partir de toda esta información realizouse unha selección centrada nos métodos "activos" para inhabilitar sistemas de videovixilancia (dende os que se basean na obstrución da visión das cámaras ou na intervención sobre algún dos seus compoñentes -cableado, caixas de rede, lentes etc-, ata os sistemas para arrancar e levar as cámaras ou directamente destruílas), deixando fóra pois momentaneamente os métodos relacionados con algún tipo de hackeo informático (acceso ás imaxes, control externo dos dispositivos, inhibidores de frecuencia, etc.) como as técnicas "pasivas" para impedir o recoñecemento mediante luces infravermellas ou deformadores faciais.

Desta selección final, e xa en termos prácticos, elaborouse unha clasificación a través de fichas que reflicten o grao de dificultade física e técnica de cada un dos métodos, así como as consecuencias legais ou os custos económicos derivados da súa posta en práctica, de forma que se facilite unha análise complexa da cuestión baseada nas posibilidades de cada situación urbana e no perfil de cada hipotético usuario da guía.

Ergosfera, novembro de 2013

* A publicación deste documento ten unha finalidade exclusivamente investigadora, polo que os seus autores non nos responsabilizamos do uso que fagan outras persoas de calquera dos seus contidos. Se difundimos esta información é unicamente porque nos parece cultural e politicamente relevante.

** As ligazóns ás fontes orixinais destes contidos, así como a descarga dunha versión desta guía imprimible noutros formatos e idiomas, poden encontrarse no blog TARGET CCTV: ztc.ergosfera.org/target_cctv

De cámaras CCTV e obsesións colectivas

José Ángel Brandariz
UDC / Grupo de investigación ECRIM

Que hai ao outro lado dun cámara de vixilancia urbana (CCTV, polo frecuente anglicismo en inglés)? Se un, na súa dunha bela imaxe do filme Vacas (J. Medem, 1992), puidese mirar ao outro lado dunha CCTV empregada para o control urbano vería moitos elementos relevantes do noso actual xeito de vida colectiva. Sen dúbida vería a súa inmegable influencia na redefinición das cartografías cidadás, condicionando fluxos e usos do urbano, e pretendendo unha visibilidade constante dos espazos comúns. Vería tamén os coñecidos problemas que o seu emprego xera en materia de garantía da intimidade e privacidade das persoas. Do mesmo xeito, podería tamén ver a relevancia que ten a evolución tecnolóxica nas transformacións dos modos de pensar e conxugar a vida colectiva.

Non obstante, se un puidese mirar a través dunha CCTV, vería algo máis. Seguramente podería percibir tendencias de pensamento do social que escapan a unha ollada superficial a unha desas cámaras. Lograría responder a preguntas xenealóxicas e teleolóxicas que comezasen por para que ou por que.

Podería se cadra intuír que a tecnoloxía incide de xeito manifesto sobre os xeitos de conformar o vivir en común, pero que é dubidoso que sexa quen, por si soa, de sobredeterminar o social. As CCTVs colonizan as nosas cidades porque o noso modo de existencia as ten convocado. Un modo de existencia obsesionado, evidentemente, pola hipervisibilidade constante, como se tivesemos ingresado, dous séculos despois, facer realidade a distopía panóptica benthamiana, só que non nun pequeno espazo de reclusión e castigo, senón en boa parte dos espazos públicos (e privados).

Esa distopía benthamiana tense feito realidade nun tempo caracterizado polos temores e pola omnipresencia da idea de risco. As sociedades probablemente máis seguras da Historia son tamén as máis obsesionadas polo risco, isto é, pola probabilidade de verificación de perigos que poidan ameazar aos diversos aspectos da nosa seguridade, individual e colectiva.

Do mesmo xeito, a distopía do vixilancia mediante CCTVs fálanos dunhas ansiedades de control relacionadas coa transformación do tempo e do espazo. Como ben apuntara Deleuze, os temores contemporáneos reclaman un control ubicuo e *just in time* (inmediato), que sexa quen de gobernar a districión das persoas pola inclusión e exclusión que estrían os mapas do urbano. Todo iso, tanto ou mais que a tecnoloxía, é o que nos ten feito dar vida ao panóptico cidadán das CCTVs.

Ao outro lado dunha cámara CCTV estamos nós. Nós, e as nosas obsesións colectivas.

Videointelixencia. Cara ao código fonte audiovisual

Man_Hauser
Filósofo / Alg-a Laboratorio

> *"No Espazo do sabe; o logocentrismo do Territorio perdeu actualidade. A imaxe, adaptada a dispositivos de mando sensoriomotores, plástica, interactiva, multidimensional, pode escapar ao destino de fascinación que lle trazaba a mercadoría e converterse nun dispositivo de vixilancia, de coñecemento e de invención máis poderoso que o texto".*
> Intelixencia Colectiva. P. Levy

Debera ser un feito acreditado que as sociedades disciplinarias que describe Foucault desenvolveron, como dende dentro, novas técnicas e estratexias, que dan lugar a novas formacións. Son as sociedades de control, como cita Deleuze no seu *Post-Scriptum*, nas que a disciplina antes exercida de xeito explícito e centralizado tende a dilurirse, infiltrarse, interiorizarse e multiplicarse no tecido social.

Efectivamente, en vez do gran control centralizado na torre do panóptico, unha disemінación das técnicas e estratexias de poder e captura, que xa non pasan por unha burocracia de sestión senón que se exercen dun xeito máis sutil, sen imposición explícita, en letra pequena, reservándose certos dereitos na penumbra.

Gravasenos en conversacións telefónicas, operacións bancarias, redes sociais; estatísticas que se venden a Empresas e Estados. Sociedade da información na que se tornan reversibles moitos dos contrarios que sustentan a base mesma do social: a distinción público/privado. Que facer?

Definimos a intelixencia como a capacidade para relacionarse coa información; ao contrario do sabio, a persoa intelixente non posúe tanto os contidos, senón unha actitude e atención propia para relacionalos, valoralos e cuestionalos. Un pouco máis alá, a Intelixencia Artificial e a Cibernética tan referenciada a sistemas de autoregulación propios, recursividade e control da información. Xa non funcións predefinidas, *disciplina causa-efecto*, senón pautas e protocolos de interacción en relación con novas variables posibles nas que o imprevisto se contempla tamén como resultado.

As *smart cities* serían aquelas cidades nas que a información se sestiona de xeito continuo articulando os diferentes usos do espazo público, mesmo xerando novo espazo público posible. Trataríase de darlle a volta ao uso que fan da nosa información: xa non abandonala inxenuamente en mans de grandes Corporacións, senón confiala tan só a este novo espazo social. Non é tanto crear un espazo que conteña esta información, senón que a información constitúa o propio espazo.

As cámaras de videovixilancia poden utilizarse para buscar responsables, esclarecer causas nun accidente, saber quen fixo algo. Pero todo iso segue dentro dunha concepción representativa da imaxe e o seu encadre nunha *imaxe-acción*. En vez disso, reivindicamos unha *imaxe-tempo* que produza *información sen suxeitos*. Acceder ao *código fonte audiovisual*, o seu RGB, a súa cantidade de movemento, as súas micro-velocidades e aceleracións internas. Unha imaxe-tempo que substitúa a velocidade dos medios de comunicación polo tempo real; a mercadoría polo coñecemento; a mensaxe polo medio; a ilusión do espectáculo pola telepresenza.

Compostela: mostra da inaplicación da normativa sobre videovixilancia para lograr a "sensación subxectiva de seguridade"

Renato Núñez
CIG / Dereitos Civís

As cámaras de videovixilancia de Compostela son un exemplo da inutilidade duns dispositivos que, en teoría, terían por obxectivo garantir a seguridade cidadá, máis que entra en conflito co dereito á imaxe das persoas (artigo 18 da CE) que circulan polas súas ruas. Ese conflito fai que exista unha normativa específica que deixa moi claro cales son as condicións que se deben dar para a súa instalación.

Na cidade non se cumpriron e seguen sen cumprirse moitos dos requisitos. As cámaras de videovixilancia foron adxudicadas no 98, un ano antes da súa autorización, cando a norma non permite a súa posta en funcionamento nesas condicións. Deixouse caducar a autorización e mantivéronse funcionando as cámaras sen os perceptivos permisos.

A pesar das numerosas incorrección detectadas durante o proceso de instalación das cámaras, o máis grave é a falta dos principios de idoneidade e proporcionalidade que xustificarían a existencia deses dispositivos nas nosas ruas.

As cámaras non son proporcionadas para evitar os delitos na nosa cidade, pois Compostela ten uns índices baixísimos de delincuencia e vandalismo segundo as estatísticas da Delegación do Gobierno e, polo tanto, a mera vixilancia dos Corpos e Forzas de Seguridade debería ser suficiente para garantir a convivencia é seguridade nesta cidade.

Por outro lado, non semella que as videocámaras sexan idóneas para os fins perseguidos, pois non son eficaces para evitar os pequenos furtos e actos de vandalismo que se seguen dando en Compostela. Tanto é así que na Praza do Obradoiro, con varias cámaras de videovixilancia, xa desaparecen en dúas ocasións alta profusión de ornamentación que se encontra ancrada no centro da praza. Por outro lado, na Praza do Toural, déronse roubos sen que as cámaras serviran para identificar os responsables.

Mesmo chegáronse a utilizar cámaras de tráfico, que non necesitan autorización para a súa instalación, para gravar concentracións de sindicatos vulnerando claramente o obxectivo das mesmas.

É máis, déronse varios casos nos que se solicitou o acceso ás gravacións para aclarar situacións de furtos sen que o Concello de Compostela permitira o acceso ás imaxes alegando que as cámaras non estaban funcionando.

Sen embargo, nalgunha das veces que se puido acceder ao centro de pantallas das cámaras de cidade púdose ver perfectamente como funcionan. Permitindo o visionado e gravación de todos os nosos movementos polo centro. Como paseamos coa nosa familia, con quen falamos, onde compramos, inmortalizando as situación máis ridículas ou comprometidas que calquera de nós pode sufrir cada día.

Serve apenas como un Grande Irmán que almacena o noso que facer diario para a utilización indebida ou non de quen ten acceso ás mesmas. Feito que a maioría dos cidadáns afirma ser irrelevante máis que, sen embargo, cando un se ve involucrado persoalmente dáse conta do inxusto e preocupante que pode resultar que te graven dando un simple bico nunha estación de tren, como a túa desgraza pode transformarse nun espectáculo televisivo emitido polos telexornais ou como o goberno de turno utiliza eses dispositivos para enterarse de con que funcionarios falan os concellais da oposición.

consecuencias legais

segundo a lexislación española

método	valor dos danos	titularidade da cámara: privada	titularidade da cámara: pública
obstrución (colocación dalgún obxecto que impida a visión)	0€	¿?	**sanción administrativa**
destrución (orixina algún gasto de limpeza, substitución de compoñentes ou da totalidade da cámara) * caso especial: o uso de lume (alén da contía no dano que produzan está penado con prisión de 1 a 3 anos	<400€	**falta de danos** pena de localización permanente de 2 a 12 días + multa de 10 a 20 días, + responsabilidade civil (indemnización polo importe dos danos)	
	>400€	**delito de danos** multa de 6 a 24 meses + responsabilidade civil (indemnización polo importe dos danos) **agravantes:** impedir o exercicio de autoridade: + prisión de 1 a 3 anos bens de dominio uso público: + prisión de 1 a 3 anos forzas armadas ou corpos e forzas de seguridade do Estado: + prisión de 2 a 4 anos	

tapón de botella / bolsa de plástico atada

"How to disable a CCTV security surveillance video camera" publicado por Insiculablanator

persoas · distancia · habilidades · ferramentas e materiais: tapón de botella, bolsa de plástico, corda · tempo · grado de inhabilitación: **temporal** mentres non se retire o obxecto

globo de helio

"Intervention 11/14/01" por William Lamson

